



Lg. Tallós,32 - 15981 Dodro (A Coruña)

CIF: P1503300D. Tfno: 981 802 472

[cultura@dodro.gal](mailto:cultura@dodro.gal)

Dodro, 6 agosto de 2019

Prezado/a señor/a:

O Concello de Dodro organiza desde o ano 1988 o Premio de Poesía Eusebio Lorenzo Baleirón, un dos máis afamados e antigos da nosa lingua, que ten por obxecto honrar a memoria do poeta Eusebio Lorenzo Baleirón- natural deste municipio- e contribuír á reafirmación da lírica e cultura galega.

Co motivo da celebración do “XXXII Premio de Poesía Eusebio Lorenzo Baleiron” teño o pracer de achegarlle as bases e cartelería desta edición, solicitándolle e agradecéndolle, de antemán, a súa colaboración na difusión da mesma.

Aproveito a ocasión para presentarlle dúas exposicións didácticas realizadas pola nosa entidade no marco do XXV aniversario do citado galardón. A primeira, “ABCdEUSEBIO” sobre a vida e obra do autor, comisariada polo escritor Carlos Negro, e a segunda, “XXV Aniversario do Premio de Poesía Eusebio Lorenzo Baleirón” sobor da traxectoria do devandito Premio, dos/as 25 poetas e poetisas que o gañaron xunto cunha escolma de 50 dos seus poemas, comisariada por Nel Rodríguez.

Estas mostras percorren os principais centros de ensino e cultura da nosa xeografía dando a coñecer a importancia, para a literatura e cultura galega, de Eusebio Lorenzo Baleirón e do Premio, que leva o seu nome. Por esta razón propoñémoslle a posibilidade de acollelas na súa institución

Respecto ás características técnicas das exposicións, o “ABCdEUSEBIO” consta de 7 paneis – ploters- de  $2x0'85m$  e a do “XXV Aniversario do Premio de Poesía Eusebio Lorenzo Baleirón” está formada por 43 cadros, 42 deles miden  $1x0,70m$  e o restante  $1x1'40m$ .

De ser do seu interese, precisaríamos coñecer cal/es mostra/s serían obxecto de exposición na súa entidade así como as posibles datas nas que tería lugar a mesma. Anexamos documento de solicitude, para máis información poden poñerse en contacto connosco no teléfono, 981 80 24 72. Sen outro particular, reciban un cordial saúdo.

O concelleiro de Cultura e Patrimonio

Xoán Xosé Vicente Franco.

## CESIÓN DE EXPOSICIÓNS DO PREMIO DE POESÍA EUSEBIO LORENZO BALEIRÓN

### CONDICIÓNS XERAIS

- O período de préstamo é de **30 días**. Recóllese a posibilidade de amplialo en función das necesidades do Concello de Dodro e do calendario de itinerancias das mostras.
- A cesión é **gratuíta**. A montaxe e desmontaxe son por conta da entidade solicitante, no caso de que sexa precisa a colaboración do Concello de Dodro indícase na solicitude. O transporte, carga e descarga da/s mostra/s poderán ser asumidas polo Concello de Dodro sempre en función da disponibilidade do servizo; débese consultar esta cuestión antes de formalizar a cesión dos materiais.
- A entidade solicitante ten que darlle entrada á solicitude debidamente cumprimentada no Rexistro Xeral do Concello de Dodro.
- Unha vez valorada o Concello de Dodro comunicará o préstamo e o período no que se fará efectivo.
- As datas e horarios de entrega e devolución das exposicións deberán cumprirse de maneira rigurosa. A entrega acordarase coa entidade solicitante e a devolución realizase no Rexistro Xeral do Concello de Dodro. Tallós, 32. 15981. Dodro, en horario de 9 a 14 horas. A mostra cedida será entregada por persoal debidamente acreditado.
- A entidade que acolla as exposicións será a responsable do coidado e conservación dos materiais cedidos. Comprometéndose, no caso de danos ou perdas, ao abonamento económico correspondente para a súa reparación ou reposición.
- Todo aquel material escrito, gráfico e/ou publicitario xerado co motivo da exposición debe citar ao Concello de Dodro.
- O incumprimento de calquera destas condicións supón a anulación do préstamo da/s mostra/s .

### CLÁUSULA

O Concello de Dodro manifesta que non asumirá ningún tipo de responsabilidade en relación aos posibles danos materiais e/ou persoais e/ou prexuízos que os materiais da exposición poidan causar a terceiros durante o período de cesión das mostras.

D./Dna. \_\_\_\_\_ representante da  
entidade \_\_\_\_\_ con enderezo  
en \_\_\_\_\_

Acepto as condicións de cesión da exposición/s \_\_\_\_\_

En \_\_\_\_\_ a \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ do 2019

Sinatura e selo:

Consonte ao disposto na Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, os seus datos serán tratados de xeito confidencial e poderán ser incorporados aos correspondentes ficheiros do Concello de Dodro. En calquera momento poderá exercer os dereitos de acceso, cancelación, rectificación e oposición comunicándoo mediante escrito que deberá presentar no Rexistro Xeral do Concello.

Exposición solicitada	
Entidade solicitante	
Enderezo	
Localidade	
CP.	
Provincia	
Persoa de contacto	
Teléfono	
Enderezo electrónico	
Datos solicitadas (sinalar varias opcións)	